

INSTRUCCIÓN ADMISIÓN E MATRÍCULA - 2024/2025

SOAMENTE APLICABLE A PERSOAS QUE SOLICITAN CICLOS DA OFERTA ORDINARIA E QUE:

- Repiten 1º curso por primeira vez no centro
- Solicitan 1º curso por primeira vez

1.- ADMISIÓN A TRAVÉS DE ASISTENTE INFORMÁTICO

PRAZO

Do luns 24 de xuño ás 9:00 horas ao xoves 4 de xullo ás 13:00 horas

1. Cubrir a solicitude na aplicación web informática <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e:
 - a. A aplicación pode solicitar que se cargue documentación
 - b. Unha vez rematada a solicitude, no caso de que esta indique "a solicitude non terá validez se non está selada, datada e validada por un centro de Galicia con oferta de FP ...", será obrigatorio entregala nun centro con oferta de FP
 - c. Gardar sempre a solicitude a modo de resgardo, xa que poderás precisala

LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES

O **mércores 10 de xullo** publicarase a listaxe provisional de solicitudes. No caso de ter que reclamar, o prazo comeza ás 9:00 horas do mesmo día 10 de xullo e remata ás 13:00 horas do venres 12 de xullo

LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES e LISTAXE DA 1ª ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

O **mércores 17 de xullo** publícanse ambas listaxes

No caso de resultar adxudicado/a, pasamos ao punto 2: **MATRICULACIÓN DA 1ª ADXUDICACIÓN**

2.- MATRICULACIÓN DA 1ª ADXUDICACIÓN

PRAZO

Do mércores 17 de xullo ás 9:00 horas ao luns 22 de xullo ás 13:00 horas

1. Empregando o código da solicitude de admisión, acceder e realizar a matrícula en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> (ou ben renunciar á praza adxudicada)
2. **NOTA IMPORTANTE:** para que a matrícula sexa efectiva, o alumnado menor de 28 anos debe realizar o ingreso do importe do seguro escolar e aportar o xustificante de dito ingreso a nome do/a alumno/a. Os datos necesarios para facer o ingreso son os seguintes:
 - a) **Nº de conta bancaria:** ES39 2080 0234 4130 4000 3005
 - b) **Importe:** 1,12€
 - c) **Concepto:** Seguro escolar - Nome e apelidos do/a alumno/a que se matriculaO xustificante do pago do seguro escolar pódese enviar por correo electrónico ao enderezo administracion.cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.gal

* A 2ª adxudicación publicarase o mércores 24 de xullo e o período de matriculación será dende o mesmo mércores 24 de xullo ás 9:00 horas ata ao mércores 31 de xullo ás 13:00 horas

* A 3ª adxudicación publicarase o luns 2 de setembro e o período de matriculación será dende o mesmo luns 2 de setembro ás 9:00 horas ata ao xoves 5 de setembro ás 13:00 horas

MOI IMPORTANTE

QUEN NON SE MATRICULE EN PRAZO NIN RENUNCIE Á PRAZA ADXUDICADA QUEDARÁ EXCLUÍDO/A DO PROCESO DE ADMISIÓN